

Acordo de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia e a Fundación Repsol en materia de normalización lingüística

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Secretario Xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura e Turismo
DECLARA:

Que esta Secretaría Xeral de Política Lingüística formalizará coa Fundación Repsol, o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 28 de decembro de 2019.

Que o instrumento convencional ten por obxecto a convocatoria do Premio de Narrativa Breve Repsol para escritores en lingua galega. As partes colaborarán na realización dun programa de actuacións orientadas a promover, estimular, motivar e apoiar a creatividade de novos escritores en lingua galega.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte

De acordo co establecido no Estatuto de autonomía para Galicia e na Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, é responsabilidade do Goberno galego levar a cabo as medidas que sexan necesarias para garantir o uso como lingua cooficial do idioma galego, polo que deberá adoptar as medidas oportunas para o seu fomento e estimular as manifestacións culturais feitas en galego.

As dúas entidades son conscientes de que as institucións e entidades galegas teñen que colaborar na execución do Plan xeral de normalización da lingua galega que aprobou, por unanimidade, o Pleno da Cámara do Parlamento de Galicia na súa sesión do día 21 de setembro de 2004, coa finalidade de divulgar e estender o uso do galego a todos os ámbitos da sociedade e, colaborar tamén, no desenvolvemento e implantación do Plan de dinamización da lingua galega no tecido económico, aprobado polo Consello da Xunta de



Galicia o 4 de agosto de 2016, que responde a necesidade de poñer en práctica medidas para o fomento do uso do idioma galego nos diferentes eidos sociais e económicos de Galicia, co fin de incrementar a dispoñibilidade de produtos e servizos en galego, coa pretensión de que ao aumentar a presenza do galego no ámbito económico, sirva de efecto multiplicador no resto da poboación, xa que, se trata dun sector fundamental no funcionamento das sociedades modernas e de grande influencia e prestixio no mundo de hoxe.

Así mesmo, as partes queren colaborar no Plan de dinamización da lingua galega na mocidade -na actualidade en fase de desenvolvemento-, co que se pretende mostrar á xente nova a utilidade de coñecer o galego e potenciar así o seu uso neste colectivo, para o cal o citado plan incluírá medidas conducentes a incrementar a súa presenza nos espazos nos que se move a mocidade, así como a oferta de actividades e produtos en galego en áreas como o deporte, o asociacionismo, o lecer, a cultura, o ensino, a tecnoloxía ou o emprego.

Que a Consellería de Cultura e Turismo considera esencial apoiar iniciativas que respondan a obxectivos de interese social e que contribúan a sensibilizar e promover unha actitude positiva cara á lingua galega especialmente no ámbito en que desenvolve a súa actividade a Fundación Repsol que ten por obxecto ser expresión da vocación de responsabilidade social corporativa do grupo Repsol e, en particular, do seu compromiso coa mellora sostida das sociedades nas que desenvolve as súas actividades industriais e empresariais, levando a cabo este propósito mediante a persecución de fins de interese de carácter social, cultural, ambiental, así como científico, educativo e de investigación.

Que pola singularidade do seu obxecto, que persegue unicamente obxectivos de utilidade pública, polas características das actividades que se desenvolven ao abeiro deste acordo e por ser a citada entidade a única destas características en Galicia, non resulta posible promover a concorrência pública para levar a cabo as actividades previstas neste acordo.



Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela.

